

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 17 DE FEBREIRO DE 2017

LICENZAS

FAVORABLES.-

LIC/793/2016.- RIOS SANCHEZ E HIJOS PROMOCIONES SL.- Conceder licenza para a rehabilitación dun baixo comercial e vivenda en primeira planta, ampliación de tres plantas e aproveitamento do baixo cuberta nun inmoible sito en rúa Montero Ríos nº 13.

LIC/1862/2016.- CONSORCIO DA CIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.- Conceder licenza para a reparación das cubertas do Auditorio de Galicia sito en Avda. Burgo das Nacións (do), Auditorio de Galicia.

LIC/1653/2015.- CASTRORAMOS SL.- Conceder licenza para a construción dun muro de contención en rúa María de los Angeles de la Gándara (Chocha B) (de) Parcela 26.

LAP/7/2017.- MANUEL SUAREZ CANCELO.- Conceder licenza para executar as obras de demolición e nova planta de edificio destinado a pensión sito na rúa dos Concheiros nº 46.

DESFAVORABLES.-

LIC/1331/2016.- FARMACIA VILLANUEVA, S. L.- Denegar a solicitude de parcelación formulada polo interesado dunha finca sita en Avda. Rosalía de Castro nº 122 e Avda. Maestro Matero nº 7.

REVOGACIONES.-

LIC/937/2008.- PROYECTOS E INMUEBLES DE GALICIA SL., representada por Carlos Abal Lourido.- Non acceder á revogación solicitada do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en data 29 de xaneiro de 2016 polo que se declarou a caducidade da licenza concedida no expediente LIC/937/2008.

LIC/938/2008.- PROYECTOS E INMUEBLES DE GALICIA SL., representada por Carlos Abal Lourido.- Non acceder á revogación solicitada do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en data 29 de xaneiro de 2016 polo que se declarou a caducidade da licenza concedida no expediente LIC/938/2008.

LIC/941/2008.- PROYECTOS E INMUEBLES DE GALICIA SL., representada por Carlos Abal Lourido.- Non acceder á revogación solicitada do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en data 29 de xaneiro de 2016 polo que se declarou a caducidade da licenza concedida no expediente LIC/941/2008.

1.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á solicitude de licenza para a rehabilitación dun baixo comercial e vivenda en primeira planta, ampliación de tres plantas e aproveitamento do baixo cuberta nun inmoible sito en rúa Montero Ríos nº 13. LIC/793/2016. Apróbase a proposta.

2.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á solicitude de licenza para a reparación das cubertas do Auditorio de Galicia sito en Avda. Burgo das Nacións (do), Auditorio de Galicia. LIC/1862/2016. Acórdase conceder ao Consorcio a licenza para realizar a reparación das cubertas do Auditorio de Galicia, cun orzamento de execución de 297.920,63 euros.

3.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á solicitude de licenza para a construción dun muro de contención en rúa María de los Angeles de la Gándara (Chocha B) (de) Parcela 26. LIC/1653/2015. Apróbase a proposta.

4.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á solicitude de licenza para executar as obras de demolición e nova planta de edificio destinado a pensión sito na rúa dos Concheiros nº 46. LAP/7/2017. Apróbase a proposta.

5.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á

solicitud de parcelamento formulada polo interesado dunha finca sita en Avda. Rosalía de Castro nº 122 e Avda. Maestro Mateo nº 7. LIC/1331/2016. Apróbase a proposta.

6.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á revogación solicitada do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en data 29 de xaneiro de 2016 polo que se declarou a caducidade da licenza concedida no expediente LIC/937/2008. Apróbase a proposta.

7.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á revogación solicitada do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en data 29 de xaneiro de 2016 polo que se declarou a caducidade da licenza concedida no expediente LIC/938/2008. Apróbase a proposta

8.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á revogación solicitada do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en data 29 de xaneiro de 2016 polo que se declarou a caducidade da licenza concedida no expediente LIC/941/2008. Apróbase a proposta

9.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á rectificación do acordo número 5 da sesión de 20 de xaneiro de 2017, relativo á estimación de recurso de reposición sobre devolución de aval constituído no ámbito do SUNP-35. (Actualmente SUD-18. Caneiros-Boisaca). Apróbase a proposta

10.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural e Equilibrio Territorial relativa ao requirimento ao Ministerio de Fomento para a conservación e mantemento de vías da súa titularidade. Acórdase requirir ao Ministerio de Fomento o arranxo dos pavimentos das vías de servizo da estrada N-550 no tramo Santiago-Sigüeiro (ao seu paso polas parroquias de Enfesta e Marantes), consonte coa proposta realizada en febreiro de 2013 polo goberno local e que non foi atendida. Tamén se dará conta ao Ministerio da existencia de fochas na SC-20 nos accesos de entrada e saída da avenida de Lugo ao Periférico, nas inmediacións do inicio do muro do Seminario; mentres que do outro lado do viario a falta de evacuación de pluviais orixina bolsas de auga estancada que constitúen un perigo para a intensa circulación de vehículos,

11 a 101.- Proposta da concelleira delegada de economía e facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre vehículos de tracción mecánica, no imposto sobre bens inmobles, no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana. Apróbase a proposta.

102.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa ao rexeitamento do recurso de reposición interposto contra acordo de 12.8.16, de denegación de bonificación no IBI. Apróbase a proposta.

103.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa ao rexeitamento do recurso de reposición interposto contra acordo de 12.8.16, de denegación de exención no imposto sobre o aumento de valor dos terreos de natureza urbana. Apróbase a proposta

104.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á estimación dun recurso de reposición interposto contra acordo de 4.11.16, de desestimación de bonificación no IBI. Apróbase a proposta.

105 a 107.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á concesión dunha exención no IBI. Apróbase a proposta.

108.- Proposta do concelleiro delegado de Educación relativa á aprobación de apertura dos prazos de admisión e matrícula nas escolas infantís municipais de Conxo, Fontiñas e Meixonfrío-Salgueiriños, curso 2017-2018. Acórdase que o prazo de presentación de solicitudes de renovación e traslado nas escolas infantís municipais será entre o día 1 e o 10 de marzo. O prazo de presentación de solicitudes de novo ingreso será do 15 de marzo ao 15 de abril, Entre o 2 e o 10 de maio farase pública a lista provisional de admitidos e lista de agarda, e a relación definitiva coñecerase entre o 25 de maio e o 31 de maio. O prazo de matrícula será do 1 ao 15 de xuño. Os prezos que deberán pagar os usuarios serán os establecidos no Decreto 49/2012 do 19 de xaneiro, polo que se aproba o réxime de prezos das escolas infantís 0-3 dependentes da Consellería de Traballo e Benestar.

109.- Proposta da alcaldía relativa á recepción das obras "Mellora da pavimentación do vial de Reboredo (Enfesta) a Lavacolla (Sabugueira). Apróbase a proposta.

110.- Proposta da alcaldía relativa á recepción das obras "Rexeneración do pavimento de calzada da vía de servizo oeste (marxe impares) da Avda. do Cruceiro da Coruña. Apróbase a proposta.

111.- Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo relativa á concesión administrativa do uso privativo e normal do dominio público dos locais na nave 5 da Praza de Abastos de Santiago de Compostela. Acórdase declarar extinguida a concesión dos locais nº 6 e nº 7 da nave 5 da Praza de Abastos, ao ter incumprido os adxudicatarios da concesión a obriga de formalizar o contrato e renunciar posteriormente á mesma

URXENCIAS

1.-Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á contestación a AGADER do escrito presentado o 6/02/2017 en relación coa cesión da parcela 906 da C.P. Nemenzo-Marantes. Acórdase aceptar as condicións da cesión da parcela, duns 1.000 metros cadrados.

2.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa ás actuacións urxentes a acometer na marquesiña de vidro da Avenida Xoán XXIII. Apróbase a actuación de emerxencia de arranxo da marquesiña de vidro da Avenida Xoán XXIII, e acórdase contratar para a súa execución á empresa Vidrotek Soluciones Integrales SL. O orzamento da actuación é de 45.272,15 euros, IVE incluído.

3.-Proposta de alcaldía relativa á xustificación da subvención concedida pola Deputación Provincial para investimentos en promoción turística durante o exercicio 2016. Apróbase a xustificación da subvención provincial, que ascendeu a 2.998,82 euros.

4.-Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á resolución do contrato para a execución das obras de rehabilitación do Palacete do Espiño. Acórdase resolver o contrato subscrito coa empresa Dragados S.A, ante a imposibilidade de executar os traballos nos termos inicialmente pactados, indemnizando ao contratista coa cantidade de 27.959,17 euros, correspondente ao 3% da obra deixada de executar.